

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS DE INTERESE XERAL****Artigo 1. Fundamento e natureza**

Ao abeiro do previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, regúlase a taxa pola utilización privativa ou polos aproveitamentos especiais constituídos no solo, no subsolo ou no voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resultaren de interese xeral ou afectaren á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

**Artigo 2. Feito imponible**

1. Constitúe o feito imponible da taxa o beneficio da utilización privativa ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, no subsolo ou no voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou de entidades que utilizan o dominio público para prestaren os servizos de subministracións que resultaren de interese xeral ou afectaren á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para prestar o servizo de subministración se deban utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, o subsolo ou o voo das vías públicas municipais, con independencia de quen for o titular daquelas.

3. En particular, comprenderanse entre os servizos referidos nos apartados anteriores, as subministracións de auga, de gas, de electricidade, de telefonía fixa, de telefonía móbil e doutros medios de comunicación que se presten, total ou parcialmente, a través de redes e das antenas fixas que ocupan o dominio público municipal.

4. O pagamento da taxa regulada nesta ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou do aproveitamento especial constituído no solo, no subsolo ou no voo das vías públicas municipais, necesarios para prestar os servizos de subministracións de interese xeral.

**Artigo 3º. Suxeitos pasivos**

1. Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afectaren á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tales como os de abastecemento de auga, a subministración de gas, a electricidade, a telefonía (fixa ou móbil) e outros análogos, así como tamén as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independentemente do seu carácter público ou privado.

Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras de devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras deles.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras a que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúen as subministracións como se, ao non seren titulares de devanditas redes, o son de dereitos de uso, de acceso ou de interconexión a elas.

3. Tamén serán suxeitos pasivos da taxa as empresas e as entidades, públicas ou privadas, que presten servizos ou exploten unha rede de comunicación no mercado, conforme ao previsto nos artigos 6 e concordantes da Lei 32/2003, do 3 novembro, xeral de telecomunicacións.

4. As empresas titulares das redes físicas, ás cales non lles resulta aplicable o que se prevé nos apartados anteriores, están suxeitas á taxa por ocupacións do solo, o subsolo e o voo da vía pública, regulada na ordenanza fiscal correspondente.

**Artigo 4. Sucesores e responsables**

1. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e das entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas transmitiránse aos socios, copartícipes ou cotitulares, que quedarán obrigados solidariamente ata os límites seguintes:

- a) Cando non exista limitación de responsabilidade patrimonial, a contía íntegra das débedas pendentes.
- b) Cando legalmente se limitou á responsabilidade, o valor da cota de liquidación que lles corresponda.

Poderán transmitirse as débedas devindicadas na data de extinción da personalidade xurídica da sociedade ou da entidade, aínda que non estean liquidadas.

2. As obrigas tributarias pendentes das sociedades mercantís, en supostos de extinción ou de disolución sen liquidación, transmitiránse ás persoas ou ás entidades que sucedan, ou sexan beneficiarias da operación.

3. As obrigacións tributarias pendentes das fundacións ou das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, en caso de disolución dela, transmitiránse aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións, ou aos partícipes ou cotitulares das devanditas entidades.

4. As sancións que sexan procedentes polas infraccións que comentan as sociedades e as entidades a que se refiren os apartados anteriores esixiranse aos sucesores daquelas ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

5. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades seguintes:

- a) As que sexan causantes ou colaboren activamente na realización dunha infracción tributaria. A súa responsabilidade esténdese á sanción.
- b) Os partícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, en proporción ás súas respectivas participacións.
- c) Os que sucedan por calquera concepto na titularidade de explotacións económicas, polas obrigas tributarias contraídas polo anterior titular e derivadas do seu exercicio.

Exceptúanse de responsabilidade as adquisicións que se efectúen nun procedemento concursal.

6. Responderán subsidiariamente da débeda tributaria as seguintes persoas:

- a) Os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas que non realizasen os actos necesarios da súa incumbencia para cumpriren as obrigas tributarias ata os límites seguintes:
  - Cando se cometeron infraccións tributarias responderán da débeda tributaria pendente e das sancións.
  - En supostos de cesamento das actividades, polas obrigas tributarias devindicadas que se atopen pendentes na data de cesamento, sempre que non fixesen o necesario para o seu pagamento ou tomasen medidas causantes da falta de pagamento.
- b) Os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades que non realizasen as xestións necesarias para cumpriren as obrigas tributarias devindicadas con anterioridade.

7. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

## **Artigo 5. Servizo de telefonía móbil. Base imponible e cota tributaria**

1. Para determinar a contía da taxa por utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos servizos de telefonía móbil, que precisan utilizar a rede de telefonía fixa instalada neste municipio, aplicaránse as seguintes fórmulas de cálculo:

- a) Base imponible

A base imponible, deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcúlase:

$$BI = Cmf * Nt + (NH * Cmm)$$

Cmf = consumo telefónico medio estimado, en liñas de telefonía fixa, por chamadas procedentes de teléfonos móbiles. O seu importe para o exercicio 2010 é de 58,9 euros/ ano.

Nt = número de teléfonos fixos instalados no municipio, no ano 2008, que é de 1.857

NH = 95% do número de habitantes empadroados no concello, que en 2008 é de 5.317

Cmm = consumo medio telefónico, estimado por teléfono móbil por chamadas de móbil a móbil. O seu importe para 2010 é de 279,1 euros/ano.

b) Cota básica

A cota básica global determínase aplicando o 1,4 por 100 á base imponible:

$$QB = 1,4\% \text{ s/ BI}$$

$$\text{Cota tributaria/operador} = CE * QB$$

CE = coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado, incluíndo as modalidades de pospago e prepago.

O valor da cota básica (QB) para 2010 é de 22.307,51 euros.

c) Imputación por operador

Para 2010 o valor de CE e a cota trimestral que satisfará cada operador son os seguintes:

	CE	Cota trimestral
Movistar	48,87%	2.725,42 ?
Vodafone	33,10%	1.845,95 ?
Orange	16,58%	924,65 ?
Yoigo	0,71%	39,60 ?
Outros	0,76%	42,38 ?

As cotas trimestrais que satisfarán os operadores relacionados son a cuarta parte do importe que resulta de aplicar o coeficiente CE á cota básica establecida no apartado b) deste artigo.

Para os efectos de determinar o coeficiente CE, os suxeitos pasivos poderán probar perante o Concello que o coeficiente real de participación no exercicio anterior ao de devindicación da taxa foi inferior. Neste caso, as autoliquidacións trimestrais axustaranse ao aplicar o coeficiente acreditado polo obrigado tributario.

## **Artigo 6. Outros servizos diferentes da telefonía móbil. Base imponible e cota tributaria**

1. Cando o suxeito pasivo sexa titular da rede que ocupa o solo, o subsolo ou o voo das vías públicas, mediante a se produce o beneficio do aproveitamento especial do dominio público local, a base imponible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas ou as entidades sinaladas no artigo 3 desta ordenanza.

2. Cando para o beneficio do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo utilice redes alleas, a base imponible da taxa está constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada nas cantidades que deba abonar ao titular da rede, polo uso dela

3. Para os efectos dos apartados anteriores, teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, ao seren imputables a cada entidade, sexan obtidos por esta como contraprestación polos servizos prestados neste termo municipal, para desenvolver a actividade ordinaria. Só se excluirán os ingresos orixinados por feitos ou actividades extraordinarias.

A título enunciativo, teñen a consideración de ingresos brutos as facturacións polos conceptos seguintes:

- Subministracións ou servizos de interese xeral, propios da actividade da empresa que corresponden a consumos dos abonados efectuados no concello.
- Servizos prestados aos consumidores necesarios para recibir a subministración ou o servizo de interese xeral propio do obxecto da empresa, incluíndo os enlaces na rede, a posta en marcha, a conservación, a modificación, a conexión, a desconexión e a substitución dos contadores ou das instalacións que son propiedade da empresa.

- c) Alugueiros, canons ou dereitos de interconexión que se percibiren doutras empresas subministradoras de servizos que utilicen a rede da entidade que ten a condición de suxeito pasivo.
  - d) Alugueiros que han pagar os consumidores polo uso dos contadores, ou outros medios utilizados para prestar a subministración ou o servizo.
  - e) Outros ingresos que se facturaren polos servizos resultantes da actividade propia das empresas subministradoras.
4. Non se incluírán entre os ingresos brutos, para a estes efectos, os impostos indirectos que gravan os servizos prestados nin as partidas ou as cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa.
5. Non teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os conceptos seguintes:
- a) As subvencións de explotación ou de capital que as empresas poidan recibir.
  - b) As indemnizacións esixidas por danos e perdas, a menos que sexan a compensación ou a contraprestación por cantidades non cobradas que se han incluír nos ingresos brutos definidos no apartado 3.
  - c) Os ingresos financeiros, como xuros, dividendos e calquera outros de natureza análoga.
  - d) Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.
  - e) As cantidades procedentes de alleamentos de bens e de dereitos que forman parte do seu patrimonio.
6. As taxas reguladas nesta ordenanza exixibles ás empresas ou ás entidades sinaladas no artigo 3 desta ordenanza, son compatibles con outras taxas establecidas ou que poida establecer o Concello por prestar servizos ou por realizar actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas sexan suxeitos pasivos.
7. A contía da taxa determínase logo de aplicar o 1,5 % á base imponible definida neste artigo.

#### **Artigo 7. Período impositivo e devindicación da taxa**

1. O período impositivo coincide co ano natural agás os supostos de se iniciar ou de cesar a utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para prestar a subministración ou o servizo. Nestes casos aplicarase o rateo trimestral conforme ás seguintes regras:
- a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar o alta.
  - b) En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos desde o inicio do exercicio, incluído aquel en que se orixina o cesamento.
2. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace nos momentos seguintes:
- a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente.
  - b) Cando o beneficio do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira unha licenza ou unha autorización, será desde o momento en que se iniciou o citado aproveitamento. Para ese efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos ás persoas usuarias que o solicitaren.
3. Cando os aproveitamentos especiais do solo, do subsolo ou do voo das vías públicas se prolongue durante varios exercicios, o pagamento da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

#### **Artigo 8. Réxime de declaración e de ingreso. Servizos de telefonía móbil**

1. As empresas de servizos de telefonía móbil que se relacionan no artigo 5 desta ordenanza deberán presentar a autoliquidación e efectuar o ingreso da cuarta parte resultante do que establece o devandito artigo nos meses de abril, xullo, outubro e decembro
2. Outras empresas que presten servizos de telefonía móbil presentarán a súa declaración con base nos parámetros que establece o artigo 5 e tendo en conta o período de prestación efectiva dos servizos durante

o ano 2010.

3. Cando rematar o exercicio 2010, os suxeitos pasivos que probasen, con base en datos oficiais, que a súa participación neste período diferise da porcentaxe aplicada para os efectos de computar a taxa regulada na presente ordenanza, poderán solicitar a regularización que sexa procedente.

### **Artigo 9. Réxime de declaración e de ingreso. Outros servizos**

1. A respecto dos servizos de subministración regulados no artigo 6º desta ordenanza, establécese o réxime de autoliquidación para cada tipo de subministración, que terá periodicidade trimestral e comprenderá a totalidade dos ingresos brutos facturados no trimestre natural a que se refira. O cesamento na prestación de calquera subministración ou servizo de interese xeral implica a obriga de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente así como á data de finalización.

2. Poderase presentar a declaración final o último día do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior a cada trimestre natural. Presentarase ao Concello unha autoliquidación para cada tipo de subministración efectuada no termo municipal, en que se especificará o volume de ingresos que se perciban por cada un dos grupos integrantes da base impositiva, segundo detalla do artigo 6.3 desta ordenanza. A especificación que se refire ao concepto previsto na letra c) do mencionado artigo, incluírá a identificación da empresa ou das empresas subministradoras de servizos a que se facturaron cantidades en concepto de peaxe.

A contía total de ingresos declarados polas subministracións a que se refire o apartado a) do mencionado artigo 6.3 non poderá ser inferior á suma dos consumos rexistrados en contadores ou noutros instrumentos de medida que estean instalados neste Concello.

3. As empresas que utilicen redes alleas deberán acreditar a cantidade satisfeita aos titulares das redes co fin de xustificar a minoración de ingresos a que se refire o artigo 6.2 da presente ordenanza. Esta acreditación acompañarase da identificación da empresa ou da entidade propietaria da rede utilizada.

4. Redactarase un documento de ingreso para o interesado, que lle permitirá satisfacer a cota nos lugares e nos prazos de pagamento que se indicaren.

5. Por razóns de custo e de eficacia, cando da declaración trimestral dos ingresos brutos se derive unha liquidación de cota inferior ao 6 euros, acumularase á seguinte. A presentación das autoliquidacións despois do prazo fixado no punto 2 deste artigo implicará a esixencia das recargas de extemporaneidade, segundo o que prevé o artigo 27 da Lei xeral tributaria.

6. A empresa Telefónica de España, S.A.U., á cal cedeu Telefónica, SA os diferentes títulos que habilitan relativos aos servizos de telecomunicacións básicas en España, non deberá satisfacer a taxa porque o seu importe fica englobado na compensación do 1,9 % dos seus ingresos brutos que satisfai a este Concello.

As restantes empresas do Grupo Telefónica están suxeitas ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza. En particular, Telefónica Móviles España, S.A. esta suxeita á taxa nos termos regulados no artigo 5 da presente ordenanza.

### **Artigo 10. Infraccións e sancións**

1. A falta de ingreso da débeda tributaria que resulta da autoliquidación correcta da taxa dentro dos prazos establecidos nesta ordenanza, constitúe unha infracción tributaria tipificada no artigo 191 da Lei xeral tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.

2. O resto de infraccións tributarias que se poidan cometer nos procedementos de xestión, de inspección e de recadación desta taxa, tipificaranse e sancionarán de acordo co que se prevé na Lei xeral tributaria, no Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e de inspección tributarias, aprobado polo Real decreto 1065/2007 e na Ordenanza xeral de xestión, de inspección e de recadación dos ingresos de dereito público municipais.

3. A falta de presentación de forma completa e correcta das declaracións e de documentos necesarios para que se poida practicar a liquidación desta taxa constitúe unha infracción tributaria tipificada no artigo 192 da Lei xeral tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.

### **Disposición adicional 1. Actualización dos parámetros do artigo 5**

As ordenanzas fiscais dos exercicios futuros poderán modificar o valor dos parámetros Cmf, Cmm, NH, Nt, NH se así procede.

Se non se modifica a presente ordenanza, continuarán aplicándose os parámetros establecidos para o exercicio 2010.

Se a presente ordenanza debe ser aplicada logo de 2010, as referencias a este ano, contidas nos artigos 5 e 8, deben entenderse realizadas a respecto de cada un dos exercicios en que se aplique a ordenanza.

**Disposición adicional 2. Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores**

Os preceptos desta ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas, reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas en que se fagan remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente modificados e/ou substituídos no momento en que se modifiquen os preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

**Disposición final**

A presente Ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello de Cerceda na sesión do ... e que quedou definitivamente aprobada coa data do data...., rexerá desde o día 1 de xaneiro de 2010 e manterase vixente ata que se modifique ou que se derroque expresamente.

## **Informe técnico-económico, base para determinar os importes da taxa por aproveitamento especial do dominio público municipal, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral, regulada na Ordenanza fiscal nº ?**

### **I. Preceptos normativos de aplicación**

O artigo 25 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 (en diante TRFL) dispón que os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos en que se manifeste o valor de mercado daqueles.

O artigo 24.1.a) do TRFL concreta un pouco máis a forma de cumprir o deber legal, ao establecer que o importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local se fixará, con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade que se deriva desta utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público.

No apartado c) do citado artigo 24.1 do TRFL prevese que cando se trate de taxas por utilización privativa ou de aproveitamentos especiais constituídos no solo, no subsolo ou no voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resultaren de interese xeral ou afectaren á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daquelas consistirá, en todo o caso e sen ningunha excepción, no 1,5 % dos ingresos brutos que procedan da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas.

Para estes efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras destes servizos as empresas que distribúan e comercialicen estes.

O presente informe redáctase para cumprir o artigo 25 do TRFL, e con arranxo aos criterios do artigo 24.1 do TRFL.

### **II. Clases de suxeitos pasivos da taxa**

Para os efectos deste informe, diferenciamos dúas clases de suxeitos pasivos:

#### II.a) As empresas explotadoras de servizos de subministracións a que se refire o artigo 24.1.c) do TRFL e o artigo 6 da ordenanza fiscal.

Trátase basicamente de empresas subministradoras de auga, gas, electricidade e telefonía fixa. Neste suposto, o importe da taxa será, en todo o caso, o 1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación, tal como se prevé legalmente. Sendo así, a ordenanza non debe nin pode conter criterios para determinar a contía da taxa, unha razón pola que este informe técnico-económico omite toda referencia á categoría de empresas que son obxecto deste apartado.

Poderíamos expor ata se é preciso que a ordenanza fiscal municipal regule a taxa que deben satisfacer estas empresas, dada a concreción dos seus elementos tributarios no apartado c) do artigo 24.1 do TRFL. Talvez se pode concluír que non é preciso aprobar a ordenanza, xa que o último precepto citado determina a identidade dos suxeitos pasivos, a base imponible e mais tamén o tipo tributario que se aplicará (1,5% en todos os casos).

No entanto, considerouse conveniente incorporar no texto da ordenanza (artigo 6) a estes suxeitos pasivos para cumprir o artigo 15.1 do TRFL, cando ordena que, agás nos impostos obrigatorios, as entidades locais deberán acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes.

Cómpre salientar que no artigo 2.4 da ordenanza se establece que, conforme resulta da doutrina legal do Tribunal Supremo na Sentenza do 18 de xuño de 2007, as empresas obrigadas a pagaren este tributo non deberán satisfacer ningunha outra taxa por utilizaren privativamente ou aproveitaren especialmente o solo, o subsolo ou voo das vías públicas municipais, sempre que foren necesarios ou estiveren relacionados coa actividade da subministración que constitúe o obxecto do servizo de interese xeral.

#### II.b) As empresas que prestan servizos de telefonía móbil

Nestas empresas concorren as condicións de ser explotadoras de servizos de interese xeral e precisaren da utilización privativa ou aproveitaren especialmente o dominio público municipal, imprescindible para prestar unha parte dos seus servizos.

A pesar da concorrencia destas condicións, e a pesar tamén do sometemento xeral das empresas que operan no sector de telecomunicacións ao réxime tributario establecido no artigo 24 do TRFL, recoñecido polo Tribunal Supremo na Sentenza de 18 de xuño de 2007 ditada en interese da lei, nos servizos de telefonía móbil non é aplicable o réxime especial de cuantificación da taxa previsto no apartado c) do citado artigo 24 do TRFL, posto que neste se dispón que “non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil”.

Aínda que, na medida que resulta evidente que os servizos de telefonía móbil precisan da utilización privativa ou do aproveitamento especial do dominio público municipal, é claro que o Concello pode e debe establecer unha taxa cuxo importe haberá de determinarse con arranxo ao previsto no apartado 1.a) do artigo 24 do TRFL.

Así resulta de diversos pronunciamentos xurisprudenciais, entre os que cómpre salientarmos, pola súa transcendencia, a recente Sentenza do Tribunal Supremo, do 16 de febreiro de 2009, ditada ao resolver o recurso de casación número 5082/2005, interposto por Vodafone España S.A. contra a Sentenza 777/2005, ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Primeira, do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña. Nesta sentenza, o Tribunal Supremo confirma que o artigo 24.1.c) do TRFL só exclúe ás empresas de telefonía móbil dun dos réximes posibles de determinación ou de cuantificación da taxa: o sistema especial do 1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación, pero non está excluindo a posibilidade de suxeitar aos operadores de telefonía móbil á taxa municipal por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local. O importe da taxa, conforme ao réxime xeral do artigo 24.1.a) do TRFL, fixarase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de devandita utilización ou aproveitamento se os bens afectados non fosen de dominio público. De non aplicarse o “réxime especial de cuantificación” e a falta dunha exención obxectivamente xustificada, establecida polo lexislador que introduce a taxa a favor duns operadores determinados (os de telefonía móbil), debe resultar de aplicación o réxime xeral do apartado a) do artigo 24.1 do TRFL.

Se tanto os operadores de redes e de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público como os operadores de telefonía móbil son de comunicacións electrónicas para os efectos dos artigos 5 a 8 da Lei 32/2003, xeral de telecomunicacións, e o réxime do art. 24.1c) é un réxime especial a respecto do réxime xeral do art. 24.1.a), deben incluírse neste réxime xeral aos operadores expresamente excluídos do réxime especial. Pola contra, estaríase facendo unha distinción entre operadores de comunicacións electrónicas (os de telefonía móbil e o resto) que podería ser contraria ao principio de igualdade tributaria previsto no artigo 3.1 da Lei 58/2003, xeral Tributaria, e no artigo 14 en relación co artigo 31.1, ambos os dous da Constitución.

Moi importante é a consideración do Tribunal Supremo na citada Sentenza do 16 de febreiro de 2009 relativa á aplicación do principio de igualdade tributaria, que resulta indisoluble dos principios de xeneralidade, capacidade, xustiza e progresividade enunciados no artigo 31.1 da Constitución.

Efectivamente, este precepto constitucional dispón que todos contribuirán a soste os gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade que, en ningún caso, terá alcance confiscatorio. Esta recepción constitucional do deber de contribuir ao sostemento dos gastos públicos segundo a capacidade económica de cada contribuínte configura un mandato que vincula non só á cidadanía senón tamén aos poderes públicos (STC 76/1990, do 26 de abril, FJ 3) xa que, se uns están obrigados a contribuir de acordo coa súa capacidade económica ao sostemento dos gastos públicos, outros están obrigados, en principio, a esixiren en condicións de igualdade esa contribución a todos os contribuíntes cuxa situación poña de manifesto unha capacidade económica susceptible de ser sometida a tributación (STC 96/2002, do 25 de abril, FJ 7).

Ao ser así e ao resultar, en definitiva, que a taxa polo aproveitamento especial do dominio público do que se benefician os operadores de telefonía móbil, ha de establecerse cumprindo o previsto no artigo 24.1.a) do TRFL, é obrigatorio aprobar unha ordenanza fiscal, que conteña criterios e parámetros que permitan definir o valor de mercado da utilidade derivada do citado aproveitamento especial do dominio público municipal.

Por iso, á parte do presente informe, xustificativo da determinación da contía da taxa refírese aos servizos de telefonía móbil.

En primeiro lugar, considérase prioritaria a confirmación do feito imponible da taxa, constituído pola

### **III. Necesidade do uso do dominio público municipal**

Neste apartado do informe, tan fundamental como é xustificar a necesidade de que a telefonía móbil se beneficie da utilización privativa ou do aproveitamento especial do dominio público municipal, poderíase facer referencia a diversos e complexos ditames técnicos que avalan o carácter imprescindible do uso do



devandito dominio público municipal, como requisito básico para prestar o servizo de telefonía móbil.

No entanto, non parece necesaria a achega de complicados razoamentos cando de forma reiterada está ratificado pola doutrina e os tribunais de xustiza o criterio de utilización efectiva privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas de telefonía móbil.

Así, o TSX de Cataluña, na súa Sentenza do 9 de outubro de 2008, entre moitas outras ditadas en idéntico sentido, vistos os informes e os ditames periciais achegados, conclúe que non é posible ofrecer servizos de telefonía móbil sen efectuar un uso do dominio público local. Está ben probado que, en xeral, a telefonía móbil precisa utilizar redes fixas instaladas no subsolo das vías públicas, pois a parte radioeléctrica (Móbil-Estación Base) é só un dos tramos da comunicación e a partir de entón, xeralmente, a comunicación vai sobre portadores físicos instalados no subsolo e a través de centros de conmutación e de transmisión que lle unen co outro abonado; que cando un usuario dun teléfono móbil, desde calquera punto xeográfico de España, chama a un teléfono fixo instalado nun municipio necesariamente ha de utilizar a telefonía fixa instalada no subsolo das vías públicas dese municipio, agás en áreas rurais de difícil acceso (telefonía rural de acceso celular); e que en chamadas entre móbiles, excepto a parte radio, toda a conexión se realiza con medios portadores físicos e os centros de conmutación e de transmisión.

Esquemáticamente, a operativa da telefonía móbil precisa do uso dos medios e fases seguintes:

- Tramo radioeléctrico. Pode ter un alcance variable, en función da distancia do móbil á BTS (estación base) que dependerá fundamentalmente do seu raio de cobertura.
- Tramo BTS-BSC (ou o seu equivalente en UMTS). Podemos atopar tanto portadores físicos como radioeléctricos. No operador dominante, ao dispor de maiores infraestruturas de transmisión, predominan claramente os primeiros. Tamén é frecuente que os operadores non dominantes aluguen para estes tramos portadores fixos ao operador dominante.
- Tramo BSC-MSC (ou o seu equivalente en UMTS). Sempre é con portador físico, aínda que ás veces non saia do propio edificio telefónico.
- Tramo MSC-GMSC. Ten idéntica consideración que o tramo anterior: sempre fixo. Desde a MSC ata unha GMSC ou calquera outra MSC, pode considerarse, para todos os efectos no que a utilización de solo se refire, como telefonía fixa.

Ante todo iso, pódese concluír que é imposible ofrecer servizos de telefonía móbil sen utilizar o dominio público local.

É oportuno citar neste punto as palabras do Tribunal Supremo, contidas na reiteradamente aludida Sentenza do 16 de febreiro de 2009, onde se manifesta literalmente deste xeito:

“A reforma que da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, fixo a Lei 51/2002, tiña un obxectivo ben definido: afirmar que as empresas que prestan servizos de telefonía móbil quedan suxeitas á taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais do dominio público local, aínda que sexa con suxeición ao réxime xeral de determinación da súa contía, previstos no art. 24.1a) da lei. Porque para a prestación de devanditos servizos de telefonía móbil utilízanse as redes de telefonía tendidas no dominio público local - tanto as tendidas polos operadores de servizos móbiles, como as liñas de telefonía fixa, a que se accede en virtude dos correspondentes dereitos de interconexión e de acceso-, realizándose dese modo o feito impoñible da taxa que nos ocupa”.

Precisamente por iso, se atendemos ao sentido da reforma introducida pola citada Lei 51/2002, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2003, diversos concellos xulgaron oportuno modificar as súas ordenanzas fiscais reguladoras da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións, co fin de estableceren as regras de determinación da contía da taxa legalmente exixible ás empresas prestadoras de servizos de telefonía móbil no réxime xeral a que se lles someteu.

Para iso, elabórase o presente informe económico, en que se acode aos diversos criterios e parámetros de valoración que han tomarse como referencia para determinar a contía da cota para satisfacer pola taxa.

#### **IV. Ocupacións efectivas do dominio público municipal**

No Municipio áchase instalada unha potente rede física que ocupa o dominio público e presta servizo á telefonía fixa e móbil, complementada por un número notable de antenas, cuxa titularidade ostentan os operadores de telefonía móbil.

Como un elemento de valoración posible do grao de utilización do dominio público municipal, diremos que as redes físicas de telefonía han chegar á práctica totalidade dos inmobles do núcleo urbano, de modo que a súa lonxitude pouco pode diferir do número de quilómetros lineais das vías urbanas deste Concello que é de 391,30.

Respecto ao uso destas redes, as empresas de telefonía móbil nalgúns casos utilizan aquelas de que son titulares e, noutros casos, redes alleas, mais tal circunstancia non é determinante, pois sempre que se precise do uso dunha rede que ocupa o dominio público local, acharémonos perante un suposto de utilización privativa, ou un aproveitamento especial del. Estes dous supostos constitúen o feito imponible da taxa.

Como recoñeceu o Tribunal Supremo con meridiana clareza nas sentenzas do 9, do 10 e do 18 de maio de 2005, o aproveitamento especial do dominio público ten lugar sempre que para prestar o servizo de subministración sexa necesario utilizar unha rede que materialmente ocupe o subsolo, o solo ou o voo das vías públicas municipais. O Alto Tribunal declara, ao axuizar a reclamación dunha empresa comercializadora de enerxía eléctrica que utilizaba unha rede allea, que nese caso o feito imponible da taxa estaba constituído non tanto pola utilización privativa do dominio público como polo aproveitamento especial del, un aproveitamento que, indubidablemente, leva a cabo a actora aínda que non sexa titular da rede de distribución.

Sendo indubitado que, na prestación dos servizos de telefonía móbil, é imprescindible o uso do dominio público municipal, non existe obstáculo para entender que o feito imponible da taxa se produce e consecuentemente non debe existir inconveniente para a súa liquidación, unha vez aprobada e publicada regulamentariamente a ordenanza fiscal.

Diremos neste punto que o sometemento á taxa, na contía determinada no artigo 5, referente á telefonía móbil, supón a exclusión doutras taxas que puidesen derivar do uso do solo, do subsolo ou do voo das vías públicas municipais, necesarios para prestar o servizo de telefonía móbil. Consecuentemente, non se deberá pagar ningunha taxa por ocupar o solo municipal que ten lugar nas instalacións de antenas; todo iso de conformidade co que prevé o artigo 2.4 da ordenanza.

## **V. Indicadores económicos relativos á telefonía fixa e telefonía móbil, significativos**

Dado que o único requisito exigible legalmente é que se compute o aproveitamento a valor de mercado, como se non se tratase de bens de dominio público, seleccionáronse uns parámetros obxectivos, deducidos do Informe Anual da Comisión do Mercado de Telecomunicacións do exercicio 2008 (en diante ICMT).

### V.1 Tipo de acceso

Para probar que o grande número de accesos necesarios no servizo telefónico se realizan a través de redes físicas que efectivamente ocupan o dominio público e comparativamente moi poucos accesos teñen lugar vía radio ou satélite (que non ocupan dominio público), vemos as seguintes cifras: (ICMT, páx. 33)

#### Tipo de acceso instalado

Par de cobre: 16.551.738 accesos

HCF e HFC-Par de cobre: 7.740.866

Radio: 511.539

Satélite: 5.963

Outros: 377.450

De feito, en 2008 os accesos instalados polos operadores de cable e de fibra óptica creceron notablemente.

Así mesmo, a nivel de quilómetros de rede de transporte por tipo de transmisión, tamén son moi representativos os datos relativos aos anos 2007 e 2008 (ICMT, páx. 249)

<b>Tipo</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>
Cable óptico	1.759.791	2.341.893
Radioenlace	229.737	293.052
Cable coaxial	116.087	230.549

Outros	79.162	76.442
Total	2.184.777	2.941.936

Obsérvase o grande crecemento das redes que ocupan fisicamente o solo e o subsolo do concello (cable óptico, cable coaxial)

## V.2 Ingresos do sector

Os ingresos totais do sector en España, incluíndo a venda de servizos ao cliente final e os servizos almacenistas, ascenderon a 44.185,5 millóns de euros, co seguinte detalle:

### V.2.a INGRESOS POR SERVICIOS FINAIS 2008 (ICMT, páx. 25, páx. 238)

